

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO
ACTIVIDADES
TEMA 1

NOME		APELIDOS		CURSO	
------	--	----------	--	-------	--

1. Comenta o seguinte documento seguindo as pautas que se che marcan:

Documento 1. A MORTALIDADE INFANTIL (páxina 10):

A mortalidade infantil

"A nosa familia non cesaba de aumentar e o berce estaba constantemente ocupado, aínda que, aí!, a man estranguladora da morte arrincábanos del algún dos nosos pequenos ocupantes. [...] A maior das miñas fillas, Cristina Sofía, non viviu máis que ata a idade de tres anos, e taméno meu segundo fillo, Cristian Gottlieb, morreu á mesma tenra idade. Ernesto Andrés non viviu máis ca uns poucos días e a nena que seguiu, Rexina Xoana, tampouco chegara ao seu quinto aniversario cando deixou este mundo. Cristina Benedicta, que viu a luz un día despois ca o Neno de Belén, non puido resistir o cru inverno e deixounos antes de que o Ano Novo chegase ao seu cuarto día. [...] Cristina Dorotea non viviu máis ca un ano e un verán, e Xoán Augusto non viu a luz máis que durante tres días. Así perdemos sete dos nosos trece fillos [...] ."

ESTHER MEYNEL,

A pequena crónica de Ana Magdalena Bach, 1925

Cadro para o comentario do documento

CLASIFICACIÓN	Título	
	Tipo de documento	
	Data/Época	
	Descrición do documento	
	Idea principal	
ANÁLISE	Explicación breve do idea principal	
	Mención das ideas secundarias	
COMENTARIO	Breve mencións aos causas/antecedentes históricos	
	Explicación do tema/acontecemento que trata o documento (facendo mención ao contido do documento)	
	Breve explicación das consecuencias/efectos históricos	
CONCLUSIÓN	Valoración da utilidade do documento	
	Repercusión histórica do tema tratado	

2. Comenta o seguinte documento seguindo as pautas que se che marcan:

Documento 13. A ACTITUDE DA NOBREZA ANTE O TRABALLO (páxina 16):

A actitude da nobreza ante o traballo

"O comercio, que enriqueceu os cidadáns en Inglaterra, contribuíu a facelos libres, e esta liberdade estendeu á súa vez o comercio, así formouse a grandeza do Estado. [...]"

Todo isto dá un xusto orgullo a un mercador inglés [...]. Tampouco o irmán menor dun lord do reino desdeña o negocio [...].

En Francia [...] o negociante oe falar tan a miúdo con desprezo da súa profesión que é o suficientemente parvo como para non poñerse rubio con iso. Non sei, con todo, quen é máis útil a un Estado, un señor ben empoado que sabe precisamente a que hora o rei se levanta, a que hora se deita, e que se dá aires de grandeza facendo o papel de escravo na antecámara dun ministro, ou un negociante que enriquece o seu país, que dá desde o seu despacho ordes ás cidades de Surat ou do Cairo, e que contribúe á felicidade do mundo."

VOLTAIRE,
Cartas filosóficas, 1734

Cadro para o comentario do documento

CLASIFICACIÓN	Título	
	Tipo de documento	
	Data/Época	
	Descrición do documento	
	Idea principal	
ANÁLISE	Explicación breve do idea principal	
	Mención das ideas secundarias	
COMENTARIO	Breve mencións aos causas/antecedentes históricos	
	Explicación do tema/acontecemento que trata o documento (facendo mención ao contido do documento)	
	Breve explicación das consecuencias/efectos históricos	
CONCLUSIÓN	Valoración da utilidade do documento	
	Repercusión histórica do tema tratado	

3. Comenta o seguinte documento seguindo as pautas que se che marcan:

Documento 21. O TRIUNFO DO PARLAMENTARISMO EN INGLATERRA (páxina 21):

O triunfo do parlamentarismo en Inglaterra

"Nestas circunstancias, os chamados Lords e Comúns [...] constituíndo a representación plena e libre da nación [...], declaran:

1.º Que o pretendido poder da autoridade real de suspender as leis ou de executar leis sen o consentimento do Parlamento é ilegal.

2.º Que o pretendido poder da autoridade real de conceder as leis e de executalas [...] é ilegal. [...]

6.º Que as eleccións dos membros do Parlamento deben ser libres. [...]

9.º Que nin a liberdade de palabra, nin a dos debates ou procesos no seo do Parlamento pode ser coartada [...].

10.º Que para encontrar [...], corrixir, [...] as leis, é necesario reunir frecuentemente o Parlamento.

Declaración de Dereitos aprobada polo
Parlamento inglés en 1689 (Bill of Rights)

Cadro para o comentario do documento

CLASIFICACIÓN	Título	
	Tipo de documento	
	Data/Época	
	Descrición do documento	
	Idea principal	
ANÁLISE	Explicación breve do idea principal	
	Mención das ideas secundarias	
COMENTARIO	Breve mencións aos causas/antecedentes históricos	
	Explicación do tema/acontecemento que trata o documento (facendo mención ao contido do documento)	
	Breve explicación das consecuencias/efectos históricos	
CONCLUSIÓN	Valoración da utilidade do documento	
	Repercusión histórica do tema tratado	

4. Comenta o seguinte documento seguindo as pautas que se che marcan:

Documento 32. A DIVISIÓN DE PODERES SEGUNDO MONTESQUIEU (páxina 27):

A división de poderes segundo Montesquieu

"Hai en cada Estado tres clases de poderes: o poder lexislativo, o poder executivo dos asuntos que dependen do dereito da xente e o poder executivo dos que dependen do dereito civil.

Polo poder lexislativo, o príncipe, ou maxistrado, promulga leis para certo tempo ou para sempre, e enmenda ou derroga as existentes. Polo segundo poder, dispón da guerra e da paz, envía ou recibe embaixadores, establece a seguridade, prevén as invasións. Polo terceiro, castiga os delitos ou xulga as diferenzas entre particulares. Chamaremos a este poder xudicial e ao outro, simplemente, poder executivo do Estado [...] .

Todo estaría perdido se o mesmo home, o mesmo corpo de persoas principais, dos nobres ou do pobo, exercese os tres poderes: o de facer as leis, o de executar as resolucións públicas e o de xulgar os delitos ou as diferenzas entre particulares [...] .

BARÓN DE MONTESQUIEU,
O espírito das leis, 1748

Cadro para o comentario do documento

CLASIFICACIÓN	Título	
	Tipo de documento	
	Data/Época	
	Descrición do documento	
	Idea principal	
ANÁLISE	Explicación breve do idea principal	
	Mención das ideas secundarias	
COMENTARIO	Breve mencións aos causas/antecedentes históricos	
	Explicación do tema/acontecemento que trata o documento (facendo mención ao contido do documento)	
	Breve explicación das consecuencias/efectos históricos	
CONCLUSIÓN	Valoración da utilidade do documento	
	Repercusión histórica do tema tratado	

5. Comenta o seguinte documento seguindo as pautas que se che marcan:

Documento 33. COMO IMPEDIR OS TREMORES DE TERRA (páxina 27):

Como impedir os tremores de terra

"Logo do tremor de terra que destruíra a tres cuartas partes de Lisboa, os sabios do país non encontraron un medio máis eficaz para impedir a ruína total que darlle ao pobo un magnífico auto de fe: decidiu a Universidade de Coímbra que o espectáculo dalgunhas persoas queimadas a lume lento e con grandes cerimoniais, era un segredo infalible para impedir que a terra tremese.

En consecuencia colleus a un biscaíño convicto de casar coa súa comadre, e a dous portugueses que, ao comer un polo, lle quitaran a graxa. Despois da comida viñeron atar o doutor Pangloss e o seu discípulo Cándido, a un por falar e a outro por escoitar [...] .

Oito días despois [...] Cándido foi azoutado a compás mentres cantaban; o biscaíño e máis os dous homes que non quixeran comer graxa foron queimados [...] . Pangloss foi aforcado [...] . O mesmo día a Terra volveu tremer cun estrondo terrible.

VOLTAIRE,
Cándido ou o optimismo, 1759

Cadro para o comentario do documento

CLASIFICACIÓN	Título	
	Tipo de documento	
	Data/Época	
	Descrición do documento	
	Idea principal	
ANÁLISE	Explicación breve do idea principal	
	Mención das ideas secundarias	
COMENTARIO	Breve mencións aos causas/antecedentes históricos	
	Explicación do tema/acontecemento que trata o documento (facendo mención ao contido do documento)	
	Breve explicación das consecuencias/efectos históricos	
CONCLUSIÓN	Valoración da utilidade do documento	
	Repercusión histórica do tema tratado	

6. Comenta o seguinte documento seguindo as pautas que se che marcan:

Documento 34. O CONTRATO SOCIAL E OS SEUS EFECTOS, SEGUNDO ROUSSEAU
(páxina 27):

O contrato social e os seus efectos, segundo Rousseau

"Este tránsito do estado de natureza ao estado civil produce no home un cambio moi importante, substituíndo na súa conduta o instinto pola xustiza e dando ás súas accións o carácter moral que antes lles faltaba [...] . Unicamente entón, cando a voz do deber sucede ao impulso físico e o dereito ao apetito, o home [...] vese obrigado [...] consultar a razón antes de escoitar as súas inclinacións [...] .

O que o home perde polo contrato social é a súa liberdade natural e o seu dereito ilimitado a todo o que o tenta e pode alcanzar; o que gaña é a liberdade civil e a propiedade de todo o que posúe. Para non enganarse nestas compensacións, hai que distinguir ben a liberdade natural, que non ten outros límites que as forzas do individuo, da liberdade civil, que está limitada pola vontade xeral, e a posesión, que non é máis que o efecto da forza ou o dereito do primeiro ocupante, da propiedade, que só pode fundarse dun título positivo."

J.-J. ROUSSEAU,
O contrato social, 1762

Cadro para o comentario do documento

CLASIFICACIÓN	Título	
	Tipo de documento	
	Data/Época	
	Descrición do documento	
	Idea principal	
ANÁLISE	Explicación breve do idea principal	
	Mención das ideas secundarias	
COMENTARIO	Breve mencións aos causas/antecedentes históricos	
	Explicación do tema/acontecemento que trata o documento (facendo mención ao contido do documento)	
	Breve explicación das consecuencias/efectos históricos	
CONCLUSIÓN	Valoración da utilidade do documento	
	Repercusión histórica do tema tratado	